



Ilustración: Iván R.

O SAL ÓN

XXIV SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

LIBROS PARA
XOGAR!

Do 21 de abril ao 7 de maio de 2023
Pazo da Cultura de Pontevedra
www.salondolibro.gal

COLOMBIA
PAÍS CONVIDADO



HORARIO

De luns a xoves:

De 17.00 a 20.00 h

Os venres:

De 17.00 a 20.30 h

Os sábados e domingos:

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

Domingo 23 de abril, Día do Libro, aberto todo o día:

De 11.00 a 20.30 h

Luns 1 e martes 2 de maio:

De 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 h

www.salondolibro.gal



O SALÓN

XXIV SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

LIBROS PARA
XOGAR!

LIBROS PARA XOGAR!



Xogar é unha cousa moi seria, lembra sempre Francesco Tonucci e tantos e tantas docentes que nos recordan que o xogo, igual que a lectura, é un motor de desenvolvemento cognitivo, emocional, físico e social para nenos e nenas ... e para o conxunto da sociedade. Xogando aprendemos a relacionarnos, a vivir en comunidade e a seguir unhas normas. Mais tamén a sermos libres, a desenvolvermos a imaxinación e a fantasía e a crearmos outros mundos posibles que habitar real e simbolicamente. No xogo, coma nos libros, gozamos, pensamos, aprendemos e emocionámonos. Foi precisamente unha cativa, o último día do pasado Salón, a que nos propuxo o tema desta edición: O XOGO.

As persoas que traballamos con e para a infancia, sabemos que non hai mellores ideas que as que nos achega a cativada. É precisamente esa ollada de crianza a que poñemos todos os días do ano para facermos cada Salón. E van xa XXIV! Facendo unha chiscadela ao escritor e pedagogo italiano Gianni Rodari, decidimos poñer de título a esta edición: LIBROS PARA XOGAR (en homenaxe á súa obra *Tante storie per giocare*).

Como imaxinades, con este tema o Salón vai dar, nunca mellor dito, moito xogo. Esta nova convocatoria, sendo especialmente lúdica, non perderá a perspectiva de que o libro e a lectura

son o cerne de todas as actividades. Cos libros, coas palabras ou coas imaxes pódese xogar arreo! Así o amosan as máis de 300 actividades que tedes ao voso dispor, tanto para o público familiar coma para o escolar, no Pazo da Cultura, na cidade e nas parroquias: teatro, música, danza, poesía, narración de contos, sinaturas de libros, obradoiros de escrita, andainas, faladoiros, encontros lectores etc... Celebraremos o **Día do Libro** cunha programación especial e cunha troca de libros para darmos nova vida a esas lecturas que temos adormecidas na casa. Faremos que a ponte do 1 de maio sexa, para as familias, un tempo de lecer, de contos e de xogos na nosa cidade.

Teremos videoxogos e tamén os xogos tradicionais galegos; un patrimonio lúdico de noso como país. Tamén saberemos a que xogan os nenos e nenas doutros lugares do planeta, coa colaboración da Rede de Escolas Asociadas da Unesco e, moi concretamente, coñeceremos os xogos, os libros, a poesía e os contos do noso país convidado: Colombia. Con el tecemos redes e cruzamos pontes, intercambiando saberes e experiencias lectoras.

Colombia foi un exemplo de transformación social a partir dos libros e da lectura, principalmente nos barrios máis desfavorecidos das cidades. Todo un modelo a seguir de

como a cultura pode mudar un contorno, afastar a violencia e contribuír a unha cidadanía máis formada, máis libre e máis feliz. Tamén agardamos que esta edición sirva para estreitar lazos coas familias colombianas que viven en Pontevedra, ás que convidamos a participaren e a amosarnos a súa cultura, música e gastronomía. Pontevedra dá de ler e de beber a quen pasa, pero tamén é unha vila á que lle gusta enriquecerse da xente que vén de fóra e decide quedar con nós.

Un ano máis, rendemos homenaxe a quen iniciou o camiño da Literatura Infantil e Xuvenil Galega: **Manuel Lourenzo González**, escritor ben coñecido e recoñecido, docente, activista cultural e director do Salón nos seus inicios. Moito lembramos as exposicións de obxectos cotiás que se volvían maravillosos coas súas palabras e a súa fantasía e que este ano poderemos gozar de novo.

Tamén quixemos homenaxear a unha das primeiras mulleres ilustradoras en Galicia, **María Fe Quesada**, que parte do grupo inicial de creadores plásticos que se puxeron a ilustrar libros en galego nos anos 80, cando a nosa rapazada non tiña apenas obras na nosa lingua. Leva máis de catro décadas contando historias cos seus debuxos.

E se ben é certo que non hai Salón sen libros, tampouco o habería sen as persoas que o viven e que o traballan e imaxinan ao longo do ano. Nesta edición débémolle unha lembranza e un agradecemento moi especial a María Paz, que tantos anos nos acompañou coa súa creatividade e entusiasmo. A súa pegada e a súa lembranza sempre quedará con nós.

Animámosvos a gozar dos xogos e das actividades e tamén dos 4.000 libros que temos nas distintas bibliotecas do Salón, en especial na Cova dos Libros Fantásticos; unha iniciativa lectora que veu para quedar e coa que podemos gozar dun petisco do Salón todo o ano. Agardamos que gocedes desta edición, que os libros e os xogos sigan a ser punto de encontro.

Agora toca brincar, divertírmonos e rebuldar. Aprendermos que máis importante que perder e máis importante que gañar é descubrir que o mellor camiño facémolo ao xogar.

O SALÓN: Modos de uso

ACTIVIDADES

- Se xa sabes que vas vir ao Salón, para algunhas actividades de balde como os obradoiros e algunhas destinadas a bebés, **habrá prazas que podes RESERVAR previamente a través da nosa web.**

Para facelo entra en www.salondolibro.gal, apartado **PROGRAMA 2023** e escolle, dentro do calendario, a actividade desexada. Unha vez dentro, preme no apartado **RESERVAR ENTRADA**, escolle o número de prazas que desexas e dálle ao botón de **CONFIRMAR RESERVA. Ollo! Se non dás a CONFIRMAR, non se fai efectiva.** Logo recibirás un correo electrónico de confirmación.

- Se non tes claro que día te achegarás ao Salón, non te preocupes! As actividades terán prazas dispoñibles que poderás reservar o propio día do evento. Achégate 5 ou 10 minutos antes do comezo ao espazo onde se celebre e pregunta ao noso monitorado.

- As **actividades con inscrición por correo-e** (os roteiros) celebraranse fóra do espazo do Salón. Cómpre inscribirse nos enderezos electrónicos facilitados neste programa.

- Para o **resto de actividades** como os obradoiros dos días de entre semana (de luns a xoves) ou as sesións de contos na Biblioteca e Recinto Feiral non é necesaria a inscrición previa. Habrá prazas dispoñibles por orde de chegada e ata completar a capacidade do espazo.



OLLO! ATENCIÓN! MOI IMPORTANTE!

Os obradoiros **teñen unha capacidade limitada.** Isto permitirá, con certeza, unha experiencia única. Sede puntuais, por favor, porque as prazas vanse reservar ata a hora de comezo da actividade. De non cubrirose nese momento, quedarán liberadas para as persoas en listaxe de agarda.

Se por algunha razón tedes entrada reservada e NON podedes vir, ESCRIBIDE O ANTES POSIBLE a: reservasalondolibro@gmail.com indicando día, hora, actividade e nº de prazas que “liberades”.

VENDA DE ENTRADAS

Para **as actividades que teñen custo** tes as entradas na billeteira electrónica: www.ataquilla.com, e de non esgotarse desde 1 hora antes no espazo onde se celebre cada evento.

Para o resto das actividades consulta o procedemento neste programa e na web www.salondolibro.gal

PRÉSTAMO DE LIBROS

Como nas edicións anteriores foi todo un éxito, este ano decidimos continuar co préstamo de libros da biblioteca do Salón. A que mola? **Podedes levar DOUS LIBROS por crianza por un máximo dunha semana.** Temos unha chea de libros novos para compartirmos con vós! Máis de 4.000 obras ao voso dispor!



23 DE ABRIL, DÍA DO LIBRO

Este ano celebramos o **Día do Libro** no Salón cunha xornada dedicada aos libros e, por suposto, aos xogos! Ademais, celebraremos a feira de libro usado **Troca de Libros** e O Salón abrirá todo o día! Se gustades, podedes quedar a xantar con nós no Recinto Feiral. Teremos a Cantina con petiscos para todos os padais.



ONDE

O Salón desenvolverase nas instalacións do Pazo da Cultura e o Recinto Feiral.

Ademais, este ano volve a Rodalibros, a nosa biblioteca viaxeira, que vai percorrer todas as parroquias de Pontevedra e distintos espazos da cidade. Consulta na web e neste programa as súas paradas!



CANTINA

Este ano retomamos o noso espazo gastronómico coa Pizzería Henar, que estará, unha vez máis, no Recinto Feiral. Alí poderedes degustar unha saborosa selección de petiscos.

Abrirá as fins de semana co horario do Salón: De 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h, e o domingo 23 de abril todo o día.



PROGRAMA

XOVES 20 ABRIL

17.00 h

● V CONGRESO INTERNACIONAL
DE MEDIACIÓN LECTORA

● FALADOIRO

Eu xogaba con poesía

Ismael Ramos
Premio Nacional de Poesía Xove 2022

A lectura como transformación social en Colombia

Diego Alejandro Ruiz
Salón de Actos. Aberto ao público xeral

VENRES 21 ABRIL

18.30 h

Espectáculo de Inauguración Libros para xogar!

Guiado por AldaLado con:
Coro do IES A Xunqueira I, Escola de Danza Ballet
Galicia, Chouque Big Band, Carolina Rueda e Diego
Alejandro Ruiz

Auditorio. Acceso libre ata completar cabida
Logo da inauguración abriremos as portas do Salón para
unha visita libre

- SESIÓN DE CONTOS
- OBRADOIROS
- RODALIBROS DO SALÓN
- TEATRO E ESPECTÁCULOS
- MÚSICA E CONCERTOS
- VISITAS, ROTEIROS E PASEOS
- FALADOIROS
- EXPOSICIÓN

SÁBADO 22 ABRIL

TODO O DÍA

Espazo de xogos de mesa en galego Brazolinda

Recinto Feiral | Achégate e xoga!

MAÑÁ

11.15 h

● CONTOS E XOGOS

A hora do conto: Que-que-dequé

Pavís Pavós
Espazo Brincadeira | A partir de 5 anos
Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Miradoiro de Monte Porreiro
Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● ROTEIRO POLA CIDADE

A cidade como xogo

Taller Abierto
De 6 a 10 anos
Inscripcións en: contacto@tallerabierto.info

11.30 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos clásicos en familia

MUVI
Recinto Feiral | A partir de 7 anos
Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h e 12.30 h

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

Cartas de monstros peto

Anxo Fariña
Espazo Arte e Xogo | De 6 a 10 anos + 1 persoa adulta
Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● OBRADOIRO PARA BEBÉS

A vida secreta dos libros

Arkhé Espazo Educativo
A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos
Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● EXPOSICIÓN

Inauguración da mostra *Había Outra Vez***

Obra plástica de Belén Padrón, Itziar Ezquieta, Manuel
Figueiras e Xosé Carlos Seoane a partir do texto de
Manuel Lourenzo González.

Museo de Pontevedra. Edificio Castelao
Público adulto | Entrada libre ata completar cabida

12.30 h

● SESIÓN DE CONTOS

Contos colombianos

Diego Alejandro Ruiz
Recinto Feiral | Público familiar
Acceso libre ata completar cabida

TARDE

17.00 h

● FALADOIRO

Remedios literarios. Que é a biblioterapia?

Branca Novoneyra e Carlos Martínez Uzal

Salón de actos | Público adulto

Inscripcións en: salondolibro@pontevedra.gal

17.15 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Cociñar e xogar: Arepas colombianas

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h - 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Praia fluvial Ponte Sampaio | Acceso libre

17.30 h e 18.30 h

● ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3

Fíos do querer

Cé Orquestra Pantasma

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

18.00 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Xogo(s) de arte

Asociación Paspallás

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Contos colombianos

Carolina Rueda

Acceso libre ata completar cabida

Recinto Feiral | Público familiar

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos clásicos en familia

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● ESPECTÁCULO DE MÚSICA E CONTOS

Son de contos

Asociación Amigos da Ópera de Santiago de Compostela, Orfeón Terra Nosa, Banda Municipal de Santiago, soprano: Clara Panas, narradora: Leticia Costas

Un proxecto de Vicente Couceiro a partir dos textos de Manuel Lourenzo González e Fina Casalderrey, musicados por Fernando Ruibal e Julius Andrejevas

Auditorio | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

DOMINGO 23 ABRIL

DÍA DO LIBRO

ABRIMOS AO MEDIODÍA! PODES
QUEDAR A COMER NA CANTINA
UN MENÚ ESPECIAL

E, na sobremesa, poderás achegarte á nosa imprenta móbil

TODO O DÍA

Imprenta ambulante Alouette Machine + Rodalibros do Salón

Pazo da Cultura | Público familiar

Achégate e descubre como se fai un libro

MAÑÁ

11.00 h a 14.00 h

Troca de Libros

Pazo da Cultura + info en salondolibro.gal

11.15 h

● OBRADOIRO TIPOGRÁFICO

Facemos un libro?

Alouette Machine

Imprenta móbil | A partir de 12 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN

Libro acordeón

Aida Alonso

Recanto de Arte e Xogo | De 4 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● OBRADOIRO DE POESÍA EN FAMILIA

Diego Alejandro Ruiz

Recanto de Colombia | Público familiar

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● CONTOS + ILUSTRACIÓN + SINATURA DE LIBROS

Nós tamén somos lagartas

Elvira Ribeiro e Sofia Venzel

Espazo Brincadeira | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● MÚSICA PARA CRIANZAS DE 0-3

Derriba da lúa

Vero Rilo e Sonsoles Penadique

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

12.30 h

Estrea!

● MÚSICA + SINATURA DE LIBROS

Ramona pequena vai á Lúa

Pakolas

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida



TARDE

16.00 h

● **OBRADOIRO TIPOGRÁFICO**

Vaia tipo!

Alouette Machine

Imprenta móbil | De 5 a 8 anos

Reserva anticipada en [salondolibro.gal](#) + info pág. 6

16.15 h

Libros de Colombia

Diego Alejandro Ruiz

Espazo de Colombia | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

17.15 h

● **OBRADOIRO TIPOGRÁFICO**

Facemos un libro?

Alouette Machine

Imprenta móbil | De 8 a 12 anos

Reserva anticipada en [salondolibro.gal](#) + info pág. 6

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

Cociñar e xogar: Chancacas colombianas

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en [salondolibro.gal](#) + info pág. 6

17.30 e 18.30 h

● **ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Derriba da lúa

Vero Rilo e Sonsoles Penadique

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en [Ataquilla.com](#) | Prezo: 3€

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS + SINATURA DE LIBROS**

Contos da eterna primavera

Paula Carballeira

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

Videoxogos clásicos en familia

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en [salondolibro.gal](#) + info pág. 6

19.00 h

● **MÚSICA + SINATURA DE LIBROS**

As que máis molan

A Gramola Gominola

Auditorio | Público familiar

Entradas en [Ataquilla.com](#) | Prezo: 3€

LUNS 24 ABRIL

17.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Ler é xogar

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

17.15 h

● **OBRADOIRO DE POESÍA**

Poemario de peto

Diego Alejandro Ruiz

Espazo de Colombia | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● **OBRADOIRO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Arrolar

Fundación Legar. Actividade Apego primavera

A Cova dos Libros Fantásticos | Inscripción en: [apuntate.pontevedra.gal](#)

17.30 h a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Local social A Devesa. Alba | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Contos colombianos

Carolina Rueda

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **OBRADOIRO LITERARIO**

Libros libres

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

19.30 h

● **POESÍA**

Teñamos a poesía en Paz

Poemarios de peto de Colombia con Diego Alejandro Ruiz

Presenta e coordina Silvia Penas Estévez.

Librería Paz | Acceso libre ata completar cabida

MARTES 25 ABRIL

17.15 h

● **OBRADOIRO LITERARIO**

Libros de Colombia

Diego Alejandro Ruiz

Espazo de Colombia | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro Social Salgueiral, Bora | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Contos a pé de rúa

Caxoto

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos clásicos en familia

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Contos con caraveis

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

MÉRCORES 26

17.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Escola de escrita xuvenil

A cargo de Manuel Lourenzo González

Inscripcións en: salondolibro@pontevedra.gal

17.15 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Ler é xogar

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h a 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro social de Campañó | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Gabito mágico

Li Morenita

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● TEATRO

WOMBO-COMBO

Galeatro

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

XOVES 27

17.00 h

● V CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA

● FALADOIRO

A literatura como xogo

Ana Garralón

Salón de Actos | Aberto ao público xeral

Acceso libre ata completar cabida

17.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Libros libres

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h a 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Mosteiro de Lérez

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Para lerte mellor

Raquel Queizás

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Libros libres

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos clásicos en familia

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Acceso libre ata completar cabida

VENRES 28 ABRIL

TARDE

17.15 h

● OBRADOIRO DE STOP-MOTION

Libros moi animados

Curiosaurios Club

Recanto de Arte e Xogo | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h a 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Casa Verde de Salcedo

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● ESCAPE BOOK POLA CIDADE

Xogando por Pontevedra

Leucoíña Pasea

A partir de 6 anos

Inscripcións: paseapontevedra@gmail.com

18.00 h

● MÚSICA E XOGOS

Para xogar e bailar

Luís Prego

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos no Salón

MUVI

Recinto Feiral

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● DANZA

Persépolis*

La Coja Dansa

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

SÁBADO 29 DE ABRIL

DÍA DA DANZA

TODO O DÍA:

Espazo de xogos de mesa en galego Brazolinda

Recinto Feiral | Achégate e xoga!
Acceso libre ata completar cabida

MAÑÁ

11.15 h

● CONTOS E XOGOS

A hora do conto: O burato da miñoca

Pavís Pavós

Espazo Brincadeira | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Campolongo (diante da igrexa)

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● ROTEIRO POLA CIDADE

A cidade como xogo

Taller Abierto

De 6 a 10 anos

Inscricións en: contacto@tallerabierto.info

12.00 h

● OBRADOIRO PARA CRIANZAS DE 1-4

Os multiversos imaxinados de Cris Haughton

Arkhé Espazo Educativo

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.30 h

● MÚSICA + SINATURA DE LIBROS

C@nto e bailo contigo

Paco Nogueiras

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida



TARDE

17.15 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Cociñar e xogar: galletas de cacao

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h a 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro Cultural de Santa María de Xeve

Acceso libre ata completar cabida

17.30 e 18.30 h

● OBRADOIROS PARA CRIANZAS DE 1-4

En contraste

Arkhé Espazo Educativo

A Cova dos Libros Fantásticos | De 1 a 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO POLA CIDADE

Laboratorio creativo: pintamos a cidade

O Galpón Lab

A partir de 6 anos

Inscricións en: info@galponlab.com

17.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Xogo(s) de arte

Asociación Paspallás

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● CONTOS + MÚSICA+ SINATURA DE LIBROS

Diferentes diferenzas

Silvia Penide + Natalia Navara
(Espectáculo signado)

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● TEATRO, MÚSICA E DANZA

Imos cambiar o mundo! Dançando coas palabras

Unha historia de Fina Casalderrey con música de Néstor Blanco.
Dirixido e producido por Manu Albariñas e Mara Iglesias.

Ao remate do espectáculo Fina Casalderrey asinará exemplares da obra *Lingua guapa*

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

DOMINGO 30 DE ABRIL

TODO O DÍA

Espazo de xogos de mesa en galego Brazolinda

Recinto Feiral | Achégate e xoga!
Acceso libre ata completar cabida

MAÑÁ

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Parque do Casal do Río, Tomeza

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● MÚSICA E CONTOS

Canto xogo cando canto!

A Banda dos Cueiros

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● ESCAPE BOOK POLA CIDADE

Xogando por Pontevedra

Leucoíña Pasea

Crianzas a partir de 6 anos

Inscricións: paseapontevedra@gmail.com

12.00 h

● SESIÓN DE CONTOS PARA CRIANZAS DE 0-3

Bichocas

Atenea

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● ROTEIRO LITERARIO POR PONTEVEDRA

As Pontevedras posibles

Manuel Lourenzo González

Saída da praza de España | Público adulto

Inscricións en: salondolibro@pontevedra.gal

12.30 h

● MÚSICA

DES CONCERTO *

Jordi Purτί e Orthemis Orchestra

Premio Fetén 2022

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

12.30 h

● OBRADOIRO DE STOP-MOTION

Libros moi animados

Curiosaurios Club

Recanto de Arte e Xogo | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

TARDE

17.15 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Cociñar e xogar: Pudín de pan ao estilo colombiano

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 a 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Miradoiro de Monte Porreiro

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO POLA CIDADE

Laboratorio creativo: pintamos a cidade

O Galpón Lab

A partir de 6 anos

Inscricións en: info@galponlab.com

17.30 h

● ESPECTÁCULO MUSICAL

Ris-Ras

Baobab Teatro

Salón de Actos | De 0 a 6 anos

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● OBRADOIRO DE XOGOS LITERARIO

No baúl das palabras

Kairós

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 4 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág.6-7

18.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos dos anos 90

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

Estrea!

● MÚSICA E SINATURA DE LIBROS

Xogando con cores e cancións

Magín Blanco

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

LUNS 1 DE MAIO (Festivo)

TODO O DÍA

Festival de xogos e deportes tradicionais galegos

MELGA, Museo Etnolúdico de Galicia.

MAÑÁ

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Teleclub de Santo André de Xeve

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● OBRADOIRO DE XOGOS LITERARIOS

Laboratorio de palabras

Kairós

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6



12.00 h

● **OBRADOIRO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Xogos musicais

Luís Prego

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● **ESCAPE BOOK POLA CIDADE**

Trala pista de José Casal

Leucoíña Pasea

A partir de 6 anos

Inscricións no correo-e: paseapontevedra@gmail.com

12.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS + ILUSTRACIÓN**

En Macondo non paraba de chover

Polo Correo do Vento

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

TARDE

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

Cociñar e xogar: empanadas colombianas

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 a 20.00 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro social da Canicouva

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● **OBRADOIRO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Prende no colo

Luís Prego

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág.6-7

18.00 h

● **TEATRO DE MONICREQUES + SINATURA DE LIBROS**

Fazulas e o ladrón de paraguas

Bandullo Azul

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **MÚSICA**

Brinca, ópera infantil interactiva

Orquestra Sinfónica de Pontevedra, Composición de Brais González e o Coro infantil Álvarez Limeses

Auditorio | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

MARTES 2 DE MAIO

MAÑÁ

Xogos tradicionais coa Asociación Juan XXIII

Acceso libre ata completar cabida | Achégate e xoga!

11.15 h

● **VISITA GUIADA AO SALÓN**

Ler é xogar

Monitorado do Salón

11.15 h

● **OBRADOIRO**

Cantar é contar (todo é comezar)

Atempo Escola de Estudos Musicais

Espazo Brincadeira | De 4 a 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● **ESCAPE BOOK POLO SALÓN**

O lobiño desaparecido

Leucoíña Pasea

A partir de 6 anos

Acceso libre ata completar cabida

12.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Contos e xogos do vento verde

O Carballo con Botas

Recinto Feiral | Público familiar

TODA A TARDE

● **SESIÓN DE CONTOS**

Xogando coa natureza co Carballo con Botas

Recinto Feiral. Achégate e xoga!

TARDE

17.15 h

● **OBRADOIRO DE CONTOS**

Soñanbulando

OQO editora

Espazo Brincadeira | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 a 19.30 h

● **RODALIBROS DO SALÓN**

Centro Social de Marcón

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● **SESIÓN DE CONTOS PARA CRIANZAS DE 0-3**

Xogando na granxa

Caxoto

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

18.00 h

● **SESIÓN DE CONTOS**

Xogando en serio

Sole Felloza

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS**

Videoxogos dos anos 90

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● **MÚSICA**

Cantando e xogando

Coro Infantil do Conservatorio Manuel Quiroga

Salón de Actos | Público Familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.30 h

● FALADOIRO LITERARIO

Encontro con Manuel Lourenzo González

Escritor homenaxeado da XXIV Edición do Salón do Libro

Librería Paz | Público adulto

Entrada libre ata completar cabida

MÉRCORES 3 DE MAIO

TODA A TARDE

Xogos de mesa e Videoxogos. Conexión entre dous mundos

Asociación Lúdica de Pontevedra Rotting Pizza

Recinto Feiral | Achégate e xoga!

17.15 h

● VISITA GUIADA AO SALÓN

Ler é xogar

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

17.15 h

● OBRADOIRO CIENTÍFICO

Xogando coa ciencia

Reviravolta

Recanto de Arte e Xogo | A partir de 6 anos

Acceso libre ata completar cabida

17.30 a 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro social de Cons, Mourente

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Unha mancha de contos

Bea Campos

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Libros libres

Monitorado do Salón

Público familiar | Acceso libre ata completar cabida

XOVES 4 DE MAIO

17.00 h

● V CONGRESO INTERNACIONAL
DE MEDIACIÓN LECTORA

● FALADOIRO

Os xogos nos libros: identidade e patrimonio lúdico

Paco Veiga e Manuela Vázquez Coto

Xogar é algo moi serio

Intervención en liña de Francesco Tonucci

17.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Libros libres

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

17.15 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos e sociedade. s XXI

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Acceso libre ata completar cabida

17.30 a 19.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Casa Verde de Salcedo

Acceso libre ata completar cabida

18.00 h

● SESIÓN DE CONTOS

Zona de obras

Brais das Hortas

Biblioteca do Salón | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● OBRADOIRO LITERARIO

Libros libres

Monitorado do Salón

Acceso libre ata completar cabida

VENRES 5 DE MAIO

TODA A TARDE:

Espazo de xogos con Cé Orquestra Pantasma

Recinto Feiral. Achégate e xoga!

TARDE

17.30 a 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Centro cultural de Santa María de Xeve

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● ESCAPE BOOK POLA CIDADE

Xogando por Pontevedra

Leucoíña Pasea

A partir de 6 anos

Inscripcións en: paseapontevedra@gmail.com

18.00 h

● MÚSICA + CONTOS

A xogar e a voar!

Cé Orquestra Pantasma

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● TEATRO + SINATURA DE LIBROS

VOA, VOA

Talía Teatro

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

19.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOXOGOS

Videoxogos e sociedade s.XXI

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● VISITA GUIADA NO MUSEO DE PONTEVEDRA

Había outra vez

Presentación do catálogo e visita guiada da exposición

Museo de Pontevedra. Edificio Castelao

Acceso libre ata completar cabida

SÁBADO 6 DE MAIO

TODO O DÍA:

Espazo de xogos de mesa en galego Brazolinda

Recinto Feiral. Achégate e xoga!

MAÑÁ

11.15 h

● CONTOS E XOGOS

A hora do conto: escoita e mira ti

Pavís Pavós

Espazo Brincadeira | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Aparcamento fronte a Casa da Cultura, Lourizán

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● ROTEIRO POLA CIDADE

A cidade como xogo

Taller Abierto

De 6 a 10 anos

Inscripcións en: contacto@tallerabierto.info

11.30 h

● OBRADOIRO ILUSTRACIÓN

Poesía visual

Iván R.

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3

0 cuco

Percubebés. Marcelo Dobode e Bea Martínez

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

12.30 h

● CONTOS + MÚSICA

A bibliotecaria estrefalaria 2.0: Máis xogar e menos pensar

Cris de Caldas e Xabi do Camiño

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

TARDE

17.15 h

● OBRADOIRO GASTRONÓMICO

Cociñar e xogar: madalenas de cores

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.15 h

● OBRADOIRO DE POESÍA E ILUSTRACIÓN +
SINATURA DE LIBROS

As gravatas de Gloria

Ramón D. Veiga e Iván R.

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 a 20.00 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Local social de Tomeza

Acceso libre ata completar cabida

17.30 h

● ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3

0 cuco

Percubebés. Marcelo Dobode e Bea Martínez

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

18.00 h

● CONTOS E MÚSICA

Little Neno descobre Os Beatles

A Reixa Producións

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

19.00 h

● TEATRO

As palabras perdidas

Inventi Teatro

Auditorio | Público familiar

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

17.00 h

● OBRADOIRO DE VIDEOSXOGOS

Videosxogos e sociedade s.XXI

MUVI

Recinto Feiral | A partir de 7 anos

Reservas en salondolibro.gal + info pág. 6

DOMINGO 7 DE MAIO

TODO O DÍA

Espazo de xogos de mesa en galego Brazolinda

Recinto Feiral | Achégate e xoga!

11.15 h

● OBRADOIRO ARTÍSTICO

Xogo(s) de arte

Asociación Paspallás

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 a 13.30 h

● RODALIBROS DO SALÓN

Igrexa de Cerponzóns

Acceso libre ata completar cabida

11.30 h

● OBRADOIRO DE ARTE E POESÍA

De libros vellos e poesías agochadas

Cris Corral Soilán

Seminario | A partir de 8 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

11.30 h

● **OBRADOIRO PLÁSTICO LITERARIO**

Toc-Toc: facemos un libro xogo

Sofía Venzel

Espazo Brincadeira | A partir de 5 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

12.00 h

● **ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Petiscos de lingua

Migallas Teatro

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

12.30 h

Homenaxe a María Fe Quesada e Manuel Lourenzo González

Salon de Actos

Acceso libre ata completar cabida

12.30 h

● **ESPECTÁCULO DE MAXIA**

Xogando coa Maxia

Magia en la Manga

Recinto Feiral | Público familiar

Acceso libre ata completar cabida

TARDE

17.15 h

● **OBRADOIRO GASTRONÓMICO**

Cociñar e xogar: cara de pizza

Reviravolta

Espazo Brincadeira | De 4 a 10 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h

● **OBRADOIRO DE STOP-MOTION**

Libros moi animados

Curiosaurios Club

Espazo de Arte e Xogo | A partir de 6 anos

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

17.30 h

● **ESPECTÁCULO PARA CRIANZAS DE 0-3**

Petiscos de lingua

Migallas Teatro

A Cova dos Libros Fantásticos | De 0 a 3 anos

Entradas en Ataquilla.com | Prezo: 3€

18.00 h

● **OBRADOIRO DE CONTOS E MAXIA**

Ler é algo máxico!

Magia en la Manga

Recinto Feiral | A partir de 7 anos + unha persoa adulta

Reserva anticipada en salondolibro.gal + info pág. 6

19.00 h

● **ESPECTÁCULO DE CLAUSURA**

Contos do Grunge

Rock Lab

Auditorio | Público familiar

Entrada de balde. É necesario facer reserva previa na [billeiteira electrónica Ataquilla.com](http://billeiteira.electrónica.Ataquilla.com)



ORBILPARADE

Dez estatuas da nosa mascota, o lobo ORBIL, estarán espalladas por Pontevedra. Unha delas será intervida artisticamente polo alumnado do bacharelato artístico do IES Frei Martín Sarmiento.

Explora, descúbreas e envíanos unha foto a salondolibro@pontevedra.gal

Tamén podes colgalas nas túas redes usando o cancelo **#OrbilParade**



PARADAS:

SÁBADO 22 ABRIL	11.30 a 13.30 h Miradoiro de Monte Porreiro 17.30 a 20.00 h Praia fluvial de Ponte Sampaio	DOMINGO 30 ABRIL	11.30 a 13.30 h Parque do Casal do Río, Tomeza 17.30 a 20.00 h Miradoiro de Monte Porreiro
DOMINGO 23 ABRIL	Todo o día Pazo da Cultura	LUNS 1 MAIO	11.30 a 13.30 h Teleclub de Santo André de Xeve 17.30 a 20.00 h Centro social da Canicouva
LUNS 24 ABRIL	17.30 a 19.30 h Local social de Devesa, Alba	MARTES 2 MAIO	17.30 a 20.00 h Centro social de Marcón
MARTES 25 ABRIL	17.30 a 19.30 h Centro social do Salgueiral, Bora	MÉRCORES 3 MAIO	17.30 a 19.30 h Centro social de Cons, Mourente
MÉRCORES 26 ABRIL	17.30 a 19.30 h Centro social de Campañó	XOVES 4 MAIO	17.30 a 19.30 h Casa Verde de Salcedo
XOVES 27 ABRIL	17.30 a 19.30 h Mosteiro de Lérez	VENRES 5 MAIO	17.30 a 20.00 h Centro cultural Santa María de Xeve
VENRES 28 ABRIL	17.30 a 20.00 h Casa Verde de Salcedo	SÁBADO 6 MAIO	11.30 a 13.30 h Exterior Casa da Cultura de Lourizán 17.30 a 20.00 h Local social de Tomeza
SÁBADO 29 ABRIL	11.30 a 13.30 h Campolongo, diante da igrexa 17.30 a 20.00 h Centro cultural Santa María de Xeve	DOMINGO 7 MAIO	11.30 a 13.30 h Igrexa de Cerponzóns

V CONGRESO INTERNACIONAL DE MEDIACIÓN LECTORA

LIBROS (TAMÉN) PARA XOGAR!

Salón de actos do Pazo da Cultura de Pontevedra | 20 e 27 de abril, e 4 de maio de 2023

Inscripcións xerais: www.salondolibro.gal

Inscripcións para profesorado en activo: a través de “fprofe” usando o código P2214002

Entidades organizadoras

Concello de Pontevedra

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Rede temática de investigación *Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano* (LIJMI)

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

Comité científico

Alice Aurea Penteado Marthá (Universidade Estadual de Maringá), Ana Isabel Pinto (Escola Superior de Educação de Viana do Castelo), Ana María Porto Castro (ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Begoña Paz García (Universidade de Vigo), Blanca-Ana Roig Rechou (LIJMI-ICE. Universidade de Santiago de Compostela), Carmen Franco Vázquez: Liter21. Universidade de Santiago de Compostela), Cristina Varela Casal (Universidade de Vigo), Iciar Ezquieta Llamas (Universidade de Vigo), Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna), Laura Guerrero Guadarrama (Universidad Iberoamericana Ciudad de México), María Clara Amorim (Escola Superior de Educação de Viana do Castelo), Sara Domínguez Lloria (Universidade de Vigo), Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), Xabier Etxaniz Erle (Euskal Herriko Unibertsitatea)

Secretaría

Eulalia Agrelo Costas (Universidade de Vigo)

Isabel Mociño González (Universidade de Vigo)



XOVES 20 de abril

17.00 h

Inauguración do congreso

Carme Fouces, concelleira de Cultura de Pontevedra e Eva María Lantarón Caeiro, vicerreitora do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo)

Eu xogaba con poesía

Ismael Ramos
Premio Nacional de Poesía Xove 2022

A lectura como transformación social en Colombia

Diego Alejandro Ruiz

18.30 h

Obradoiros

Xogos poéticos: poemarios de peto

Diego Alejandro Ruiz (Colombia)

Narrar para xogar coas palabras

Carolina Rueda (Colombia)

Palabras debuxadas: Poesía Visual

Ivan R.

Radio e Podcasting para a mediación lectora

Rede Espora

XOVES 27 de abril

17.00 h

A literatura como xogo

Ana Garralón
Premio Nacional de Fomento á Lectura

18.15 h

Obradoiros

E se non lemos uns contos? Libros informativos

Ana Garralón

Escribir é divertido!

Hematocrítico

Ferramentas teatrais para xogar na aula

Esther Carrodegas

Xogando nos patios inclusivos

Manuela Vázquez Coto e Marina Castro García

XOVES 4 de maio

17.00 h

Os xogos nos libros: identidade e patrimonio lúdico

Paco Veiga e Manuela Vázquez Coto

Xogar é algo moi serio

Intervención en liña de Francesco Tonucci

18.15 h

Obradoiros

Unha maleta de palabras e contos

Raquel Queizás

A inclusión non é un xogo. Literatura infantil e inclusión

Sonia Hermida

Obxectos artísticos e libro-xogos: crear, xogar e imaxinar

Itziar Ezquieta e Begoña Paz

Videoxogos na aula

Silvia López Gómez

EXPOSICIÓNS

PAZO DA CULTURA

Manuel Lourenzo González, autor homenaxeado

Unha achega á figura e obra de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955) licenciado en Pedagogía e catedrático de Lingua Galega e Literatura. Gran activista cultural desta cidade. Ademais do Salón dirixiu a asociación cultural Maiolongo, a ASPG ou a Semana da Educación. Como escritor, publicou libros de relatos e novelas para adultos, xunto cunha significativa obra para o público infantil e xuvenil. Libros como *Tanis e o mocoso*, *Animais de Compañía*, *Irmán do vento* ou *Ceiba de Luz*, co que gañou o Jules Verne de narrativa xuvenil, son ben coñecidos pola rapazada da nosa cidade (e do resto do país). Levou os premios máis importantes da literatura galega e era boa hora de renderlle homenaxe xa no Salón.

María Fe Quesada, ilustradora homenaxeada

María Fe Quesada será a encargada de encher de cores o Salón coas súas ilustracións. Formou parte dese grupo inicial de creadores plásticos que comezaron a ilustrar libros en galego nos anos 80 e foi seleccionada como unha das mellores ilustradoras españolas na *Bienal Internacional de Ilustración de Bratislava*. Recibiu distintos recoñecementos pola súa obra, preto dun cento de contos infantís e xuvenís, e de máis dunha decena de libros de texto. Foi declarada Socia de Honra de Gálix e deixounos obras como *Quen me quere adoptar* co texto de Fina Casalderrey, galardonada co White Ravens da biblioteca de Munich entre os mellores libros do mundo.

Os xogos do mundo e o mundo dos xogos

Museo Etnolúdico de Galicia, MELGA-

Mostra coa que percorrерemos a historia do xogo a través de xoguetes de todas as épocas. As pezas proceden do museo bergantiñán MELGA, o Museo Etnolúdico de Galicia, unha institución museolóxica de carácter permanente que ten como misión fundamental a conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural galego relacionado co xogo tradicional, o deporte tradicional e a historia do xoguete.

Cousas dos libros de Manuel Lourenzo González

Só en contadas ocasións un evento arredor dos libros pode amosar ao público os obxectos de todas as clases que nalgún momento tomaron parte en relatos, ben como complementos dos personaxes ou das accións, ben como auténticos protagonistas. Debe terse en conta as dificultades que entrañan localizar o actual paradiro de cada un deles, dado o tempo transcorrido desde que se escribiron as obras, a súa dispersión ao longo e ancho do planeta, e, sobre todo, os impedimentos que os actuais propietarios poñen para cederen en préstamo as súas prezadas xoias.

Unha vez máis, o Salón ofrece aos visitantes unha escollida selección de obxectos de ascendencia literaria relacionados coa súa temática, o xogo. Cousas dos libros, unha ocasión única de comprobar ata que punto fantasía e realidade son a mesma cousa.

Crea o teu mundo

Espazo creado polo alumnado da materia de Transmisión, Mediación e Educación Artística da Facultade de Belas Artes.

Espazo para a lectura

Deseñado polo *Colectivo Refugallo* da Facultade de Belas Artes coas ilustracións de Candela Eira Orro e Paloma Domínguez Museo.

Xogos populares de Galicia

Colaboración do Consello da Cultura Galega e o Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego para facilitar a achega aos xogos tradicionais de Galicia. Combinando formatos tecnolóxicos ofrécese unha escolma diversa de xogos pensados para interior e exterior, rural e urbano, a infancia, mocidade e a madurez. O amplo acervo de xogos tradicionais de Galicia permite conectalos con numerosas destrezas, habilidades e coñecementos fundamentais na formación das persoas. Pero ao tempo, conéctanos cos saberes desenvolvidos polos nosos devanceiros. As ilustracións de Nuria Díaz funcionan como o punto de partida visual para explorar o rico universo dos xogos populares galegos.

Gloria

Mostra das ilustracións orixinais de Gloria, o libro sobre a poeta Gloria Fuertes de Ramón D. Veiga e Iván R. (Triqueta Editora, 2023) grazas ao que evidenciamos o presente que está a obra da escritora vinte e cinco anos despois da súa morte. As ilustracións, creadas por Iván R., autor da imaxe que compón o cartel do Salón nesta edición, reflicten o universo creativo e persoal da poeta e supón tamén unha viaxe de regreso á infancia de cada un e unha de nós.

Espazo de arte e xogo

A Asociación Paspallás propón un espazo para a arte dentro do Salón destinado para a realización de diferentes actividades artísticas, a produción plástica e reflexión crítica. Para a súa creación toman comoreferentes as estratexias lúdico-creativas de Bruno Munari.

MUVI: os videoxogos no Salón

Fundación Museo do Videoxogo de Galicia

MUVI presenta unha área de xogo que conceptualiza o salón dunha vivenda, centro do fogar, espazo onde o lecer e o lúdico levan convivindo desde que as sociedades existen.

Os videoxogos acabaron por ser un elemento integrado nas casas, especialmente no salón, como parte dunha evolución e un proceso que desde os anos 80 foron gañando un espazo de seu, transformándose nunha constante sobre a que comezou a xirar parte da vida en común dos integrantes de cada familia.

O espazo do Museo do Videoxogo constará de videoconsolas, ordenadores e consolas portátiles que foron protagonistas da nosa vida familiar nos 80, 90 e nos inicios do 2000, con títulos muxixogador que priman a diversión e as experiencias compartidas pero tamén, coma sempre, de interese cultural.

Xogando pola banda Exposición de Bd Garaxe Hermético

Os alumnos e alumnas do GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración presentan unha colección de obras creadas para o Salón coas que reflexionan sobre o xogo, nun sentido amplo da palabra, a través da banda deseñada.

Traballos dos colexios

Como todos os anos, os centros educativos que colaboran co Salón mostran a súa interpretación do tema desta edición cos traballos escolares que se exhiben no Recinto Feiral.

Ambientación

A ambientación e exposicións dos espazos do foron coordinados baixo a dirección artística de Ana Seoane e realizados por:

Ao Xeito, Bernardo Carballal, Efímera Espacios Temporales, Labauh Factory, Asociación Paspallás, Trisquelia Comunicación, Manuel Lourenzo González e María Fe Quesada.

MUSEO DE PONTEVEDRA

Había outra vez**

Belén Padrón, Itziar Ezquieta, Manolo Figueiras, Xosé Carlos Seoane

Catro artistas vinculados a Pontevedra amosan as súas pinturas, de diferentes inspiracións, estilos e técnicas, nunha exposición conxunta que busca vertebrar un discurso unificado e coherente a través dun diálogo cruzado altamente suxestivo.

Constelaría, Roxonomía, Fractalismo e Arqueografía son respectivamente as denominacións que cada un elixiu para os seus cadros, e son asemade o punto de partida dun relato inserido no catálogo, obra de M. Lourenzo González, que narra a enigmática viaxe dun mozo que se ve obrigado a camiñar por un escenario de rúas labirínticas á busca de sinais que lle proporcionen a clave para saír e recuperar a súa vida e o seu pasado; fíos que consolidan esa converxencia da obra artística plural.



DEBUXO PARA **ORBIL**

Orbil está feliz co tema deste ano no Salón. Ata pensou en traer a súa bici, unha pelota e mais a comba para xogar con todos e todas vós. Ademais, interésalle moito coñecer os xoguetes e os libros que máis vos gustan, podedes axudalo?

Se te animas, usa a páxina seguinte e debuxa o teu libro, xogo ou xoguete favorito. Se queres, podes explicar por que che gusta tanto (se non dominas aínda as letras, pídelles axuda a unha persoa adulta!). Non esquezas poñer o teu nome e o teléfono dun adulto/a responsable, e entrarás no sorteo dun lote de libros (e outras sorpresas!).

Crea, pinta, coloreas e deixa o teu debuxo na caixa para **ORBIL** que hai na sala de exposicións do Pazo da Cultura.

PARA **ORBIL** DE PARTE DE:

Teléfono ou enderezo electrónico dunha persoa adulta responsable para participar no sorteo:

O sorteo realizarase publicamente o día 6 de maio de 2023 ás 18.00h na sala de exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, escollendo unha carta de entre todas as introducidas no "Caixa de debuxos para **ORBIL**". Este teléfono ou correo-e só será empregado para notificar á persoa responsable gañadora do sorteo. **Non gardaremos estes datos de carácter persoal nin os empregaremos para ningún outro fin** que non sexa a notificación á persoa gañadora. O resto de cartas enviadas serán gardadas polo Concello de Pontevedra durante 6 meses e debidamente destruídas posteriormente.

Entidades e persoas colaboradoras

Alumnado da Facultade de Belas Artes
Asociación Juan XXIII
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Centro de Formación e Recursos de Pontevedra (CEFORE)
Centros de ensino de Pontevedra e comarca
Consello da Cultura Galega
Deleite
Eulalia Agrelo
GÁLIX
Librería Paz
Librería Seijas
MELGA Museo Etnolúdico de Galicia
Museo de Pontevedra
Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego
O Garaxe Hermético
Pilar Sampedro
Rede Temática de Investigación LIJMI. Instituto de Ciencias da Educación USC
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra
Triqueta Editora
Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo

• • •

Un agradecemento moi especial a:

Francesco Tonucci
Rede de Escolas Asociadas da UNESCO. En especial a Luísa Márquez.

De Colombia:

Carolina Rueda, Cataplum Libros, Diego Alejandro Ruiz, Editorial GatoMalo, Editorial Lazo, Fiesta del Libro y la Lectura, Fundación Taller de Letras, Li Morenita, María Osorio, Picnic de Palabras, Tragaluz Editores.

• • •

Este programa e todo o afecto do Salón do Libro vai para María Fe Quesada e Manuel Lourenzo González, pola súa contribución á literatura infantil e xuvenil na nosa lingua e polo seu traballo en dignificar e divulgar a palabra escrita e a ilustración para as crianzas.

• • •

Ás librerías de Pontevedra, ás escolas e docentes, á rapazada e ás familias, aos colectivos, e a tantas persoas que axudaron a facer realidade estes case vinte e cinco anos do Salón,

GRAZAS

Salón Internacional do Libro Infantil
e Xuvenil de Pontevedra

O SALÓN é unha actividade promovida e financiada por:



Concello
de Pontevedra

O SALÓN

www.salondolibro.gal



Este folleto é meramente informativo e pode sufrir variacións.
Consulta a información actualizada na web do Salón
e nas nosas redes sociais

As actividades marcadas con ** contan co apoio de:



As actividades marcadas con * contan co apoio económico de:

